CONCURSO PARA O DESEÑO DUNHA ESCULTURA CONMEMORATIVA

50-125 EEI

A Escola de Enxeñaría Industrial (EEI) da Universidade de Vigo celebra máis dun século de historia construíndo enxeñería industrial e conmemora o dobre aniversario dos seus dous grandes piares: A Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Industrial (EUETI) e a Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais (ETSEI).

No curso 2026-27, cúmprense 125 anos do inicio dos primeiros estudos de industriais, que deron paso á posterior creación da EUETI. Neste curso tamén se cumpren 50 anos da creación da ETSEI, que asentou os estudos de Enxeñaría Industrial na nosa cidade. Froito destas dúas escolas, no ano 2011 créase a actual Escola de Enxeñaría Industrial.

Con motivo da celebración destes aniversarios, a EEI convoca o presente concurso para o deseño dunha escultura conmemorativa.

BASES DO CONCURSO

1. OBXECTO DO CONCURSO

Con motivo do 50-125 aniversario o Centro, en colaboración aberta cos grupos de investigación e a Delegación de Alumnado de Industriais (DAI) convocan o presente concurso de deseño, co obxectivo de crear o bosquexo e modelo dixital dunha escultura conmemorativa que simbolice a historia, os valores e a proxección futura da Enxeñaría Industrial na Universidade de Vigo e na sociedade. Os traballos estarán coordinados polo Grupo Innovación Docente en Materiais (GIDEMAT).

O deseño gañador servirá como base para a fabricación da escultura real mediante impresión 3D e fundición, integrando arte, tecnoloxía e visión enxeñeril.

---

2. PARTICIPANTES

Poderán participar todo o persoal da EEI (estudantado, PTXAS e PDI) que se atope en activo na data de peche da recepción de propostas. A participación será individual e cada concursante poderá presentar unha única obra orixinal e inédita.

---

3. TEMA DO CONCURSO

O tema do concurso é: ***"Enxeñaría e legado: 50-125 anos construíndo o futuro"***. Os participantes deberán propoñer unha escultura tridimensional que represente os valores da enxeñaría -innovación, coñecemento, sostibilidade, progreso e compromiso coa sociedade- e que á vez reflicta a identidade da EEI.

---

4. REQUISITOS DO DESEÑO

Os deseños presentados deberán ser orixinais e inéditos. Non poden ter acadados premios con anterioridade noutros concursos, nin ter sido publicados en páxinas WEB ou calquera outro medio dixital ou impreso.

Os deseños deberán cumprir os seguintes requisitos técnicos:

- A proposta deberá incluír un bosquexo ou render visual e un modelo dixital 3D imprimible (Dependendo do tamaño dos deseños imprimirase de forma escalada coa colaboración do Grupo GIDEMAT e coa área de IPF).

- O ficheiro 3D deberá entregarse en formato neutro (a ser posible step, *.STL ou *.OBJ), preparado para impresión 3D.

- O deseño deberá ser autoportante e pode ser optimizado para ser fundible, sen partes da peza que sexan excesivamente finas ou flotantes, e sen arestas vivas.

- Tamaño máximo recomendado: 200 mm × 200 mm × 300 mm.

- A escultura final deberá poderse realizar mediante proceso de fundición, valorándose a viabilidade material e estrutural, empregando para iso Al reciclado.

- Admítense formas figurativas ou abstractas, sempre que se xustifique a adecuación do obxectivo conmemorativo e técnico do concurso.

---

5. PRESENTACIÓN DAS OBRAS

As obras deberán enviarse por correo electrónico a: concursodisenho.ingenieria@uvigo.gal co asunto: "Concurso Escultura 50-125 EEI – Nome e Apelidos".

Debe achegarse:

1. Render ou imaxe principal (JPG ou PDF, resolución mínima 300 dpi).

2. Ficheiro 3D (stp, STL ou .OBJ).

3. Memoria descritiva (PDF, 1 páxina) con datos persoais, título do deseño, explicación conceptual (máx. 200 palabras) e materiais propostos para a impresión 3D (Impresora de filamento, resina, po...)

---

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN

Apertura: 9 de febreiro de 2026.

Peche: 6 de marzo de 2026 ás 23:59 horas.

---

7. XURADO

O xurado estará composto por representantes da dirección da Escola de Enxeñaría Industrial e por profesionais convidados dos ámbitos da arte, o deseño industrial e arquitectura.

Criterios de valoración:

- Orixinalidade e creatividade (50%).

- Calidade estética e coherencia formal (30%).

- Adecuación aos obxectivos propostos de valorización da enxeñaría e da Universidade de Vigo (20%).

---

8. PREMIOS

De entre todos os deseños presentados, o xurado elixirá un que será o gañador do concurso. En caso de non acadarse un acordo, o concurso poderá declararse deserto.

Premio: 500 € + diploma + impresión 3D do modelo + posibilidade de fundición real.

---

9. EXPOSICIÓN E VEREDICTO

Os deseños finalistas serán impresos en 3D e expostos no vestíbulo das dúas sedes da Escola de Enxeñaría Industrial ao longo da semana de celebración do seu patrón.

O veredicto do xurado será inapelable e publicarase antes do 18 de marzo de 2026 na web oficial da EEI.

---

10. DEREITOS DE AUTOR E PRODUCIÓN

O modelo premiado pasará a ser propiedade exclusiva e permanente da Universidade de Vigo, que ostentará todos os dereitos de explotación do mesmo, podendo utilizalo, reproducilo, modificalo e adaptalo, total ou parcialmente, no momento e forma que considere necesarios.

O modelo gañador poderá ser adaptado polo equipo técnico da Universidade para a súa fundición final, respectando sempre a autoría e o concepto orixinal.

A Escola da Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo resérvase o dereito de exhibir, reproducir e difundir o deseño premiado, mencionando sempre o autor ou autora.

---

11. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso implica o coñecemento e aceptación íntegra das presentes bases así como das modificacións que puidese realizar a organización. Calquera cuestión non prevista será resolta pola organización ou o xurado.